

**PROGRAMA DE MOBILIDADE DE ESTUDANTES POR CONVENIO BILATERAL  
CARA IBEROAMÉRICA**

**RESOLUCIÓN DO 7 de novembro de 2011, POLA QUE SE CONVOCAN PRAZAS DE  
MOBILIDADE PARA ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA (USC) CON UNIVERSIDADES DE IBEROAMERICA POR  
CONVENIO BILATERAL**

**1. OBXECTO DA CONVOCATORIA**

A USC a través do Servizo de Relacións Exteriores convoca prazas de mobilidade para a realización de estudos en universidades iberoamericanas (ANEXO 2) coas que a USC ten formalizado un convenio de cooperación bilateral.

Será normativa supletoria aplicable a esta convocatoria o Regulamento da USC de Intercambios Interuniversitarios de Estudantes aprobado polo Consello de Goberno o 17 de decembro de 2009.

**2. DURACIÓN**

Tendo en conta que, en termos xerais, as universidades de destino estruturan os seus períodos académicos en semestres académicos, **o período de intercambio será dun semestre ou un curso académico**

Os seleccionados poderán optar por comezar a mobilidade no segundo semestre do noso curso académico 11-12 ou no primeiro semestre do curso 12-13 dependendo do calendario académico da universidade de destino.

O comezo das clases nas distintas universidades dependerá do calendario académico específico no país de destino (ANEXO 2).

O período de intercambio solicitado nesta convocatoria será exclusivamente nas datas indicadas no ANEXO 2.

**3. AXUDA**

A praza de mobilidade implicará unicamente a exención de matrícula na universidade de destino sen prexuízo de que logo de ser elixidos os solicitantes poidan optar ás bolsas que puidera convocar o goberno autonómico ou outros organismo para os estudantes con mobilidade a países extra comunitarios

Non obstante, a institución de destino pode pedir o pagamento de taxas reducidas para cubrir os custos do seguro, actividades especiais de benvinda, afiliación a sindicatos de estudantes e o uso de materiais diversos, tales como fotocopias, produtos de laboratorio, etc.

O estudante deberá matricularse na Universidade de Santiago de Compostela e aboar os correspondentes prezos públicos.

**4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

Estar matriculado na USC en estudos conducentes a obtención dun título oficial e acreditar antes do remate do prazo de solicitude, ter superados o 15% dos créditos da titulación que está a cursar.

En todo caso, os alumnos que acceden a unha titulación de posgrao oficial, segundo ciclo ou a estudos de segundo ciclo que non sexan continuación dun primeiro ciclo, o requisito de teren superado o 15 % dos créditos da titulación entenderase que o teñen acreditado por estar en posesión dunha titulación universitaria ou por ter superado un primeiro ciclo.

As estudantes que estiveron de intercambio por convenio bilateral en convocatorias anteriores, non poderán repetir a solicitude para o mesmo país, pero si para un país diferente por unha soa vez.

A posibilidade de solicitar a bolsa non implica obrigatoriamente a selección efectiva.

### **5. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

A solicitude deberase efectuar on line a través da Secretaría Virtual. O estudante deberá subir ao sistema todos os documentos requiridos. A continuación imprimíranse 2 exemplares do formulario de solicitude **que se presentarán, xunto co resto da documentación requirida** por duplicado, **no prazo de 30 días naturais dende a publicación desta convocatoria** no Rexistro Xeral da USC, sito na Reitoría da USC (Colexio de San Xerome. Praza do obradoiro s/n, Santiago de Compostela) e no Rexistro do Campus de Lugo, situado no edificio de Servizos administrativos da Biblioteca Intercentros (Avda. de Bernardino Pardo Ouro s/n, Fingoi- Lugo). Tamén poderá presentarse nas formas e lugares establecidos na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Para seren admitidos/as ao procedemento de selección os/as estudantes manifestarán na súa solicitude que reúnen todos e cada un dos requisitos e condicións de acceso esixidas, referidas á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de solicitudes. A presentación da solicitude á mobilidade implica a total aceptación das bases por parte de cada solicitante.

### **6. DOCUMENTACIÓN**

Os estudantes que desexen participar nesta convocatoria deberán presentar no Rexistro Xeral e **por duplicado** a seguinte documentación:

- Impreso de solicitude de mobilidade
- Expediente Académico (accesible na Secretaria Virtual)
- Currículo Vitae (en español e/ou portugués)
- Dúas fotos tamaño carné
- Dúas cartas de recomendación do alumno que deberán ser emitidas por dous docentes distintos da Usc e deberán estar redactadas en español (e/ou portugués de optar a Brasil ) e no impreso ao efecto en <http://www.usc.es/internacional>
- Carta de motivación explicando os motivos polos que solicita participar na mobilidade (en español e/ou portugués de optar a Brasil )

### **7. LUGAR DE NOTIFICACIÓNS DOS ACTOS DERIVADOS DA PRESENTE CONVOCATORIA**

O taboleiro de anuncios no que se publicará a resolución definitiva será o da Reitoría, sen prexuízo da súa publicación complementaria na páxina web <http://www.usc.es/internacional>.

### **8. ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

Os/as estudantes que na súa solicitude non acheguen toda a documentación complementaria esixida na presente convocatoria, poderán emendar a súa solicitude unha vez publicada polo Servizo de Relacións Exteriores a lista provisional de admitidos a trámite e no prazo establecido ao efecto.

### **9. COMISIÓN DE SELECCIÓN**

Os distintos centros formarán as súas comisións de selección. Os estudantes poderán formular causas de abstención e recusación contra os membros nomeados no xeito establecido nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

caso de que unha universidade puxera un límite para aceptar estudantes inferior ós estudantes propostos polas distintas comisións dos distintos centros a designación das prazas resolverase polo vicerreitor de Relacións Exteriores e Internacionalización ou persoa en quen delegue en favor do mellor expediente académico.

## 9.1. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E ASIGNACIÓN DE DESTINOS

1ª Nunha selección previa levada a cabo polo SRE publicarase unha lista cos candidatos admitidos a trámite para facer a mobilidade..

2ª Nunha segunda fase, os centros concederánlle a cada candidato seleccionado un destino por medio dun proceso individualizado de asesoramento e asignación. Os centros farán unha proposta de destino para cada candidato coa indicación dun destino alternativo. A comisión de selección do centro só poderá propoñer un máximo de dous estudantes con destino para a mesma universidade de destino. A comisión indicará tamén un destino alternativo para cada estudante, dado que os estudantes nominados poden ser rexeitados polas universidades de destino.

### 9.1.1. Criterios de selección

Para a selección dos candidatos, que será levada a cabo polo SRE, valoraranse:

- Criterios académicos

Criterios lingüísticos: No caso de mobilidade cara universidades de Brasil, é requisito indispensable a acreditación do coñecemento de portugués.

### 9.1.2. Criterios para a asignación de destinos

O centro, a través do Responsable Académico de Mobilidade e do Responsable da Unidade de Apoio á Xestión do centro, contribuirá activamente na asignación das diferentes universidades de destino, mediante a difusión da oferta que promove e mediante o asesoramento dos posibles destinos aos estudantes.

A Comisión de Selección dos centros, composta polo Responsable Académico de Mobilidade e o Responsable da Unidade de Apoio á Xestión do centro, adxudicará os destinos dos candidatos a través dun proceso personalizado no que se valorarán:

- Os coñecementos de idiomas
- O expediente académico
- O perfil académico

Para a asignación das universidades de destino, a Comisión de Selección do centro convocará persoalmente a totalidade dos candidatos seleccionados para unha entrevista. Cada candidato manifestará na entrevista as súas preferencias de destino. Para a asignación de destino teranse en conta o expediente académico (por igual), así como o perfil académico e persoal dos candidatos. Durante este proceso de asignación personalizado os compoñentes da Comisión de Selección do centro asesorarán o estudiantado en virtude do seu perfil académico, propoñendo destinos alternativos.

## 10 RESULTADO FINAL

As distintas Comisións de Selección de cada Centro publicarán, nun prazo máximo de 15 días naturais seguintes á publicación polo SRE da lista de admitidos unha proposta de destino para cada un dos seus candidatos coa indicación dun destino alternativo Contra esa proposta os interesados poderán presentar reclamación no prazo de 7 días naturais, contados dende a data da súa publicación. Transcorrido ese prazo, e analizadas, de ser o caso, as

As solicitudes de admisións, os centros elevarán a proposta de selección ao vicerreitor de Relacións Exteriores e Internacionalización ou persoa en quen delegue

Dita resolución definitiva publicarase no taboleiro de anuncios da Reitoría, sen prexuízo da súa inclusión na páxina web <http://www.usc.es/internacional>. Esta resolución esgotará a vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso contencioso administrativo.

### **11 OBRIGAS DOS CANDIDATOS SELECCIONADOS**

Os estudantes seleccionados deberán manifestar a súa aceptación ou renuncia (impreso modelo na <http://www.usc.es/internacional>), dirixida ao vicerreitor de Relacións Exteriores e presentalo no Rexistro Xeral da USC, no prazo 5 días naturais a partir da resolución definitiva. A partir desa data todos aqueles estudantes que non tiveran manifestado a súa aceptación ou renuncia, consideraranse decaídos dos seus dereitos.

Os/As estudantes seleccionados que renuncien sen motivo xustificado despois de rematado o prazo anterior, serán excluídos en futuras convocatorias de intercambio por convenio bilateral.

Vencido o prazo para a aceptación/renuncia á praza de mobilidade os estudantes deberán:

- Poñerse en contacto coa Oficina de Relacións Exteriores, para obter a documentación que se enviará a universidade de destino xunto con outros documentos específicos que se lle requiran.
- O Servizo de Relacións Exteriores enviará as candidaturas dos estudantes seleccionados á universidade de destino, a cal estudará a solicitude e lle enviará ó alumno **a carta de aceptación** (documento imprescindible para o intercambio e para o trámite do visado). Prégase aos alumnos indicar un enderezo de correo electrónico actualizado para permitir o envío das comunicacións que o afectan.
- O/A estudante formalizará un compromiso de estudos (learning agreement). Neste documento o estudante determinará as materias elixidas na universidade de destino, dunha parte, e as materias das que terá que formalizar matrícula na USC, e pretenda validación. Dito compromiso será formalizado antes de partir, se ben é posible modificalo durante o primeiro mes trala incorporación á universidade de destino. O compromiso de estudos será asinado polo coordinador académico e o coordinador institucional da USC.
- A **Credencial de Estudante de Intercambio** é o documento oficial que acredita e autoriza ao estudante a iniciar a mobilidade internacional, fixando universidade de destino, período de estanza e calquera outra característica relevante a efectos oficiais. A USC non acreditará a ningún estudante como estudante de intercambio antes de que entregue un compromiso de estudos válido no Servizo de Relacións Exteriores.
- A prórroga dun semestre, deberá solicitala o/a estudante, e a súa concesión estará condicionada, á autorización da universidade de destino, a autorización do coordinador académico do centro ao que pertence o estudante, e do coordinador institucional da USC.
- Realizará na universidade de destino os estudos reflectidos no compromiso de estudos ata o remate do período na mesma.
- O/A estudante deberá formalizar un seguro médico, durante o período de estanza de intercambio.
- O/A estudante deberá poñerse en contacto cos distintos consulados, para a tramitación do visado.
- A oferta académica das universidades de destino, poderase consultar en <http://www.usc.es/internacional>, na Oficina de Información Universitaria (OIU) (Pavillón estudantil, 2º piso. Campus Sur. Santiago de Compostela). Non obstante o estudante deberá acceder aos programas das materias nos sitios web das universidades de destino de cara a elaboración do acordo académico.

O/A estudante de intercambio levará consigo os seguintes documentos:

- Compromiso de estudos
- Carta de aceptación da Universidade de destino
- Credencial de estudante de intercambio expedida polo Servizo de Relacións Exteriores
- Seguro médico
- Visado de estudos en vigor

- O estudante deberá acreditar ao Servizo de Relacións Exteriores a súa data de chegada á Universidade de destino bastando coa remisión por correo electrónico a: [ore@usc.es](mailto:ore@usc.es) o impreso do certificado de chegada (modelo facilitado pola SRE) debidamente selado pola Institución receptora. Este tramite é obrigatorio.

Prégase ao alumno ler os ANEXOS informativos desta convocatoria.

## 12 COMPROMISO DE ESTUDOS.

- No compromiso de estudos ou acordo académico non se poderán incluír as materias cualificadas con suspenso. Destas materias poderá examinarse na USC, sempre que formalizara a súa matrícula dentro do prazo ordinario.
- No compromiso de estudos ou acordo académico poderá figurar un número de créditos baixo o epígrafe “créditos de libre configuración/optativos - programa de intercambio”, nos que non se especifique a actividade que se van realizar, por non coincidir coas materias propias da titulación para a que se cursan.
- O **número mínimo** esixido de créditos que poderán incluírse no acordo académico será **20 ou 40 créditos ECTS** para un ou dous semestres, respectivamente. O **número máximo** de créditos que poden incluírse no compromiso de estudos será de **30 ECTS - 60 ECTS** para un cuadrimestre ou para un curso académico respectivamente.
- O período de estudos poderá incluír unha formación práctica, e ademais TAD ou similares se estes traballos figuran no plan de estudos. Poderá cursarse na universidade de destino o proxecto fin de carreira cando o alumno cumpra todos os requisitos necesarios para matricularse do mesmo na USC. Se non cumpre con estes requisitos, un alumno de intercambio poderá matricularse provisionalmente no proxecto, pero tal matrícula só terá efectos se cumpre os requisitos necesarios antes do remate do curso académico no que foron de intercambio.
- Para realizar o programa de intercambio os alumnos deberán formalizar a matrícula na USC da totalidade das materias e actividades que pretenda cursar en réxime de intercambio. Non procederá a matrícula contravindo o plan de estudos nin en materias de libre configuración das ofertadas por esta universidade, para o seu recoñecemento por outras materias ou actividades realizadas en virtude dun programa de intercambio universitario.
- Unicamente poderá formalizarse matrícula para render exame na USC nas seguintes materias:
  - a) As que figuran como suspensas no expediente do alumno, e as que non poidan ser incluídas no compromiso de estudos ou acordo académico, sempre que se respecte a programación académica e o plan de estudos. O máximo de materias matriculadas fóra do acordo académico será de vinte créditos.
  - b) As cuadrimestrais que non se correspondan co cuadrimestre de mobilidade, se o programa de mobilidade se corresponde cun cuadrimestre.

**RECOÑECEMENTO DE ESTUDOS:**

Unha vez finalizado o período de intercambio e recibidas as cualificacións correspondentes, procederase ao recoñecemento automático das mesmas nas condicións establecidas no compromiso de estudos, polos distintos centros .

**Non se recoñecerá ningunha materia que non figure previamente nun compromiso de estudos.**

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, o interesado poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e ss. da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2011

O Vicerreitor de Estudantes Cultura e Formación Continua  
Por delegación R.R. 03/11/2011



Francisco Ramón Durán Villa